Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO

2005 ❧ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Literatura oral

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Allá em Riba un Rey Tinha una Filha

Título: Allá em Riba un Rey Tinha una Filha. Galego e Castelhano no Romanceiro da Galiza.
Editorial: Difusora das Letras, Artes e Ideas, S.L.
Ano de publicación: 2004.
Lugar de publicación: Ourense.
ISBN: 84-933176-9-1
Autor: José Luís FORNEIRO.
Descripción: 192 páx.

[Da prenstación editorial]
O brilhante ensaio sobre as interferências lingüísticas no romanceiro na Galiza serve a J. L. Forneiro para reflectir sobre lugares comuns assumidos como certos na realidade lingüística galega na história. Ao mesmo tempo, regista e documenta toda uma série de usos do galego habitualmente considerados como próprios unicamente do português.
O discurso cultural da Galiza contemporánea construiu-se sobre bases até agora inquestionáveis, como considerar que a diferença lingüística acompanha sempre a existência dumha cultura distinta, ou supor que o mundo rural galego estivo livre de influências externas até datas mui recentes. Umha vítima desta

simplificaçom ideológica é o romanceiro tradicional, género literário nascido na Castela medieval e logo adoptado polos outros povos ibero-románicos, que o adaptárom conforme às suas realidades, entre elas a lingüística. Assi, enquanto hoje o romanceiro é transmitido em português em Portugal, a língua castelhana ainda está presente nos romances da Catalunha e, sobretodo, da Galiza, onde se mistura com os idiomas autóctones.

